

Franco, 23, xaneiro, 1954

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo  
Santiago de Compostela

Meu grande e querido Otero: Fai poucos días escribínlle a Ourense, respondendo á súa carta de felicitación co gallo do doutorado. Agora escribolle a Compostela porque coído que xa estará vostede de volta de Madrid, e recibirá máis axiña esta carta en Santiago que en Ourense.

Estivo onte a me ver unha irmá da miña muller que é maestra nacional e vai facer oposicións a prazas de máis de dez mil habitantes. Por fortes razóns económicas interésalle moito gñar escola en Lugo. Agora vanse celebrar as oposicións en Santiago, e precisamente pra dúas prazas de Lugo. Como é obrigado n-istes tempos, anda a se percurar recomendacións, e me pide que eu faga algo n-ise senso. Como eu ben quixera axudala e non sei de ningún a quen poda escribir sobor de isto se non a vostede, fágoo así, pidíndolle mil perdons por iste acto, ben contrario aos meus costumes, pero ao que me apurra unha inesorable necesidade moral. Non sei o que vostede pode estar en condicións de facer; pero ficarialle agradecido se fixera o que poidese. Adxuntolle nota cos nomes dos membros do tribunal e o da opositora.

Falando de outro asunto, quixera que vostede me explicara con precisión o significado do termo "esgrevio", que vostede ten ouvido empregar ao pobo, e cuio uso nos máis escritores seméllame trabucado. Percure, pois, me facer unha boa definición do seu significado segundo o uso na fala popular.

Asimesmo quixera unha definición auténtica do concepto xeográfico de "bocarribeira", tan utilizado por vostede.

Recibín a traducción ao portugués do seu "Ensayo histórico sobre la

cultura gallega". É fremoso ver en romance occidental isa obra. Por certo que as verbas que figuran na solapa como de Francisco del Riego e que caracterizan a súa obra, son miñas, tanto como as que me aparecen atribuídas no mesmo lugar.

Relembanzas pra Fita da miña muller e miñas. Vostede sabe cánto o quer

*Francisco del Riego*

**N**

**E**

**R**